

PROXECTO DE DECRETO DO RÉXIME XURÍDICO DOS PRESTADORES DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA

PREÁMBULO

CAPÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1: Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2: Principios inspiradores

Artigo 3. Autoridade Audiovisual Competente

CAPÍTULO SEGUNDO: PRESTADORES DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA.

Artigo 4. Definición

Artigo 5. Obrigas dos prestadores do servizo audiovisual de radiodifusión

SECCIÓN PRIMEIRA: SERVIZO COMERCIAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA.

Artigo 6. Definición e réxime xurídico

Artigo 7. Comunicación previa e o seu procedemento

Artigo 8. Requisitos dos titulares das licenzas de comunicación radiofónica.

Artigo 9. Obrigas dos titulares da licenza

Artigo 10. Criterios de adxudicación da licenza

Artigo 11. Concurso público para o outorgamento de licenzas de prestador do servizo público de radiodifusión

Artigo 12. Proxecto técnico

Artigo 13. Execución das obras e instalacións, inspección e autorización de posta en funcionamento.

Artigo 14. Caducidade

Artigo 15. Contido do documento administrativo de licenza.

Artigo 16. Emisión en cadea

Artigo 17. Modificación da estrutura do accionariado ou empresarial

Artigo 18. Transmisión e arrendamento da licenza

Artigo 19. Vixencia e renovación da licenza

Artigo 20. Extinción da licenza

SECCIÓN SEGUNDA: SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA COMUNITARIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO

Artigo 21. Definición

Artigo 22. Vixencia das licenzas

Artigo 23. Obrigas

Artigo 24. Reserva de espazo público de comunicación

Artigo 25. Financiación

SECCIÓN TERCEIRA: SERVIZO PÚBLICO DE RADIODIFUSIÓN POR ENTIDADES LOCAIS

Artigo 26. Definición e forma de xestión

Artigo 27. Obrigas dos prestadores do servizo público de radiodifusión

Artigo 28. Financiación do servizo

Artigo 29. Solicitude

Artigo 30. Reserva provisional de frecuencia

Artigo 31. Competencia e outorgamento de licenza

Artigo 32. Actuacións previas ao comezo das emisións

Artigo 33. Vixencia da licenza

CAPÍTULO TERCERO: INSPECCIÓN

Artigo 34. Órgano competente para a Inspección

Artigo 35. Alcance da función de inspección

- Artigo 36. Persoal da inspección
- Artigo 37. Actuacións da inspección
- Artigo 38. Fomento da autorregulación
- Artigo 39. Control dos contidos audiovisuais

CAPÍTULO CUARTO: REXISTRO GALEGO DE PRESTADORES DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL.

- Artigo 40. Creación e obxecto
- Artigo 41. Organización do rexistro
- Artigo 42. Actos inscribíbles
- Artigo 43. Comprobacións para a inscrición
- Artigo 44. Coordinación co rexistro estatal de prestadores do servizo de comunicación audiovisual
- Artigo 45. Consultas e certificacións

CAPÍTULO QUINTO: RÉXIME SANCIONADOR

- Artigo 46. Principios xerais
- Artigo 47. Responsabilidade
- Artigo 48. Infraccións e sancións
- Artigo 49. Criterios para o establecemento da contía da sanción
- Artigo 50. Órgano competente

Disposición adicional primeira: Supresión do Rexistro de Empresas Radiodifusoras de Galicia e do Rexistro de Concesionarios do Servizo de Televisión Autónoma e Local de Galicia

Disposición adicional segunda. Referencia a disposicións legais

Disposición transitoria primeira: Expedientes de radiodifusión e televisión en situación de adxudicación provisional á entrada en vigor do presente Decreto.

Disposición transitoria segunda: Expedientes de autorización de negocios xurídicos en tramitación á entrada en vigor deste Decreto

Disposición derogatoria única

Disposición final primeira: Modificación do Decreto 325/2009, do 18 de xuño de 2009, de Estrutura Orgánica dos Órganos Superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Disposición final segunda: Execución e desenvolvemento

Disposición final terceira: Entrada en vigor

PREÁMBULO

Á Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto pola Constitución Española no artigo 149.1.27 correspondente o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime da radiodifusión e da televisión dentro da normativa básica ditada polo Estado e así mesmo polo disposto no artigo 34.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, asume o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto Xurídico da Radio e da Televisión.

A partir da competencia asumida estatutariamente e no marco da lexislación básica do Estado, a Xunta de Galicia, aprobou o Decreto 156/1989, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, modificado polo Decreto 35/1992, do 6 de febreiro.

Toda vez que a recente entrada en vigor da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual establece un novo réxime xurídico dos servizos de Radiodifusión e Televisión, faise necesario a aprobación dunha nova norma reguladora coa finalidade de adaptarse á nova normativa para os servizos de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

A mesma lei, introduce a denominación, “prestadores do servizo de comunicación audiovisual” que comprende os anteriormente chamados “concesionarios do servizo público de radiodifusión e televisión”.

En canto á forma de explotación dos servizos de comunicación audiovisual a principal novidade da lexislación estatal establece o abandono do actual réxime concesional polo de licenza previa outorgada mediante concurso pola autoridade audiovisual competente.

En relación co proceso de outorgamento de licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual, resulta necesario modernizar e axilizar a normativa galega, para adecuala á Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual, que na súa disposición transitoria segunda establece a transformación das antigas concesións administrativas en licenzas, tanto para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónico como televisivo.

O presente Decreto pretende establecer o marco regulador para o outorgamento das licenzas así como para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de carácter público, comercial ou comunitarios sen ánimo de lucro.

O concurso para o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos audiovisuais radiofónicos rexeranse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administración Públicas, Lei 3/85, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega e a súa lexislación de desenvolvemento en todo o non disposto no presente Decreto.

Co obxecto de facilitar a viabilidade económica dos proxectos de prestación do servizo audiovisual radiofónico de carácter público adóptase unha nova fórmula máis ampla permitindo que calquera das entidades locais de ámbito superior ao municipio poidan solicitar a xestión do servizo.

Por outra parte e co fin de satisfacer as necesidades de comunicación expresadas por distintas entidades sen ánimo de lucro para a consecución de fins educativos, culturais ou formativos, o novo Decreto regula as emisoras denominadas comunitarias sen ánimo de lucro.

Créase tamén, o Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual que, consonte o establecido na lexislación básica estatal, ten por obxecto

a inscrición de todos os servizos de comunicación audiovisual tanto radiofónicos como televisivos.

Do mesmo xeito regúlase, en Capítulos específicos, o procedemento sancionador e a inspección dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual afectando tanto aos televisivos como aos radiofónicos.

Polo que ____do Consello Consultivo de Galicia, a proposta do Secretario Xeral de Medios, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de _____

CAPÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1: Obxecto e ámbito de aplicación

1. O presente Decreto ten por obxecto regular dentro do ámbito territorial e competencial da Comunidade Autónoma Galega:
 - O procedemento de adxudicación, renovación, transmisión e extinción das licenzas para a prestación do servizo de comunicación radiofónica.
 - A autorización dos posibles negocios xurídicos que afecten as licenzas de comunicación audiovisual.
 - A prestación do servizo por parte dos titulares das licenzas.
 - O Rexistro de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual.
 - A inspección e o réxime sancionador das infraccións cometidas na prestación dos servizos de comunicación audiovisual radiofónica e televisiva.
2. Os servizos de comunicación audiovisual radiofónica comprendidos no ámbito de aplicación do presente Decreto son aqueles cuxo ámbito territorial de cobertura non sexa superior ao da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2: Principios inspiradores

Os principios xerais que inspiran a prestación do servizo son:

- a) Obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións.
- b) O respecto ao pluralismo político, relixioso, social, cultura, ideolóxico e lingüístico.
- c) A promoción e protección do galego.
- d) A separación entre as informacións e as opinións, a identificación de quen sustente estas últimas, a súa libre expresión cos límites do punto 4º do artigo 20 da Constitución Española.
- e) A distinción perceptible entre a programación e a publicidade, de forma que resulte inequívoco o carácter publicitario das mensaxes.
- f) O dereito á honra, á fama e á intimidade persoal e familiar e o dereito de rectificación, así como os demais dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución Española.
- g) A protección dos dereitos da xuventude e da infancia de acordo a Lei 3/1997, do 9 de xullo, Galega da familia, da infancia e da adolescencia.
- h) O respecto aos valores de igualdade recollidos no artigo 14 da Constitución Española.
- i) O fomento e defensa da cultura, dos intereses locais e autonómicos así como a

promoción da convivencia impulsando a tal efecto, a participación dos grupos sociais do ámbito territorial correspondente.

- j) A promoción da igualdade entre mulleres e homes segundo o disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
- k) Favorecer a educación, a cultura e a difusión dos valores cívicos e dos coñecementos sociais, económicos, artísticos, científicos e técnicos.
- l) O respecto dos dereitos recoñecidos en favor de terceiros de acordo coa lexislación vixente en materia de protección da propiedade intelectual.
- m) A defensa e preservación do medio.

Artigo 3. Autoridade Audiovisual Competente

Aos efectos do presente Decreto e dentro das competencias asumidas pola Comunidade Autónoma Galega, terá a consideración de autoridade audiovisual competente o titular do órgano da Xunta de Galicia que teña atribuídas a xestión das materias en medios de comunicación social e audiovisual.

CAPÍTULO SEGUNDO: PRESTADORES DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA.

Artigo 4. Definición

1. Terá a condición de prestador do servizo de comunicación audiovisual radiofónica a persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade editorial do servizo de radio que se presta para a audición simultánea de programas e contidos sobre a base dun horario de programación.
2. Tamén terán condición de prestador do servizo de comunicación radiofónica, o arrendatario dunha licenza de comunicación radiofónica.

Artigo 5. Obrigas dos prestadores do servizo audiovisual de radiodifusión

1. Os diversos suxeitos que participan na prestación dos servizos de comunicación audiovisual radiofónica deberán respectar os principios, os dereitos e as liberdades establecidos pola normativa comunitaria, a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. A prestación efectiva do servizo require comunicación fehaciente ante a autoridade audiovisual competente e previa ao inicio da actividade.
3. A prestación do servizo de comunicación radiofónica está suxeita ao cumprimento das obrigas sobre os contidos de programación establecidos pola lexislación básica do Estado, polas disposicións que a desenvolvan e polo presente Decreto.
4. Os prestadores do servizo de comunicación radiofónica teñen o deber de transparencia con relación a todos os aspectos da súa actividade que son relevantes para a liberdade de comunicación e o pluralismo.

SECCIÓN PRIMEIRA: SERVIZO COMERCIAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA.

Artigo 6. Definición e réxime xurídico

1. Considéranse emisoras comerciais aquelas cuxa titularidade corresponde a persoas físicas ou xurídicas de carácter privado e que teñen como finalidade a difusión de calquera tipo de programa con emisión de publicidade ou empregando formas de patrocinio comercial.

2. Ademais a prestación privada de servizos de comunicación radiofónica queda sometida a:
 - a. Un réxime de licenza, no caso dos servizos de comunicación radiofónica que se prestan mediante ondas hertzianas terrestres ocupando o espectro radioeléctrico.
 - b. Un réxime de comunicación previa, no caso dos servizos de comunicación radiofónica que se prestan mediante tecnoloxías diferentes ao do uso do espectro radioeléctrico.

Artigo 7. Comunicación previa e o seu procedemento

1. Segundo o artigo 71.bis da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común, entenderase por comunicación previa aquel documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade
2. A finalidade da comunicación previa prevista no apartado 2.b do artigo 6 do presente decreto é poñer en coñecemento da autoridade audiovisual competente da Xunta de Galicia, a existencia e as características do servizo de comunicación radiofónico para garantir o cumprimento da normativa en materia de contidos.
3. A comunicación previa á prestación de servizos de comunicación audiovisual radiofónica realizarase mediante unha declaración formal. Esta declaración deberá conter os seguintes datos relacionados co desenvolvemento da prestación do servizo:
 - A identificación do prestador do servizo.
 - A descrición da actividade.
 - A descrición dos contidos difundidos.
4. A declaración á que fai referencia este artigo deberá inscribirse no Rexistro de Prestadores de Servizos de Comunicación Audiovisual como requisito previo para o inicio da actividade. Pode comezarse a prestación do servizo se, no prazo dun mes despois da comunicación, a autoridade audiovisual non se pronuncia en contra.
5. Calquera cambio substancial que pretenda introducirse na prestación dos servizos aos que se refire o antedito apartado 2. b. do artigo 6 tamén deberán ser notificados e inscritos no rexistro.

Artigo 8. Requisitos dos titulares das licenzas de comunicación radiofónica.

Para ser titular dunha licenza de prestador do servizo de comunicación radiofónica será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1. No caso de persoas físicas, ter a nacionalidade dun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou a de calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, recoñeza este dereito aos cidadáns españois.
2. No caso de persoas xurídicas, ter establecido o seu domicilio social nun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou en calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, recoñeza este dereito ás empresas españolas.
3. O titular deberá ter un representante domiciliado en España para efectos de notificacións.

4. No caso de persoas xurídicas, a participación no seu capital social de persoas físicas ou xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo deberá cumprir o principio de reciprocidade.
5. Ademais, a participación individual dunha persoa física ou xurídica nacional de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo, non poderá superar directa ou indirectamente o 25% do capital social. Así mesmo, o total das participacións nunha mesma persoa xurídica, de diversas persoas físicas ou xurídicas de nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo, deberá ser inferior ao 50% do capital social

Artigo 9.Obrigas dos titulares da licenza

Os titulares da licenza para prestar servizos de comunicación audiovisual radiofónica están obrigados a cumprir o contido da licenza. En todo caso son obrigas dos titulares da licenza.

- a. Prestar o servizo de comunicación audiovisual radiofónica nas frecuencias outorgadas e as potencias autorizadas, con continuidade e coa calidade adecuadas.
- b. Presentar anualmente á autoridade audiovisual competente, a declaración responsable do cumprimento das obrigas derivadas do presente Decreto, da lexislación básica do Estado e do contido da licenza.
- c. Ter a disposición da autoridade audiovisual competente todas as emisións e os datos relativos a elas, e conservalos gravados durante seis meses.
- d. Facilitar as comprobacións e as inspeccións requiridas.
- e. Abonar as taxas previstas na lexislación autonómica.
- f. Difundir gratuitamente citando a súa procedencia, os comunicados, notas ou avisos de interese público que lle sexan remitidos polos Órganos de goberno das Administracións públicas.
- g. Cumprir o horario de emisión que non será inferior a 12 horas diarias.
- h. Presentar ante a autoridade audiovisual competente, antes do 15 de decembro de cada ano, o Plan de Programación con especificación dos horarios de emisión, e da programación de produción propia, e, en particular, do ámbito de cobertura da emisora.
- i. Presentar ante á autoridade audiovisual competente, dentro dos catro meses seguintes a finalización do prazo que a lexislación mercantil vixente sinala para a presentación da documentación relativa ao peche do exercicio, unha memoria que reflecta a situación económico-financeira da empresa.
- j. Empregar a lingua galega nas súas emisións de forma que o 50% como mínimo do tempo de programación sexa en lingua galega. O uso do galego débese distribuír equitativamente en todas as franxas horarias. Non obstante, as emisoras que actualmente formen parte das cadeas de ámbito estatal, na totalidade ou en parte do seu tempo de emisión, poderán excluír desta obriga unha franxa horaria cuxa duración sexa dun máximo de seis horas consecutivas. Esta franxa quedará excluída do cómputo do tempo de emisión aos efectos do que prevé este Decreto.
- k. Aos efectos do artigo 6 da Lei 7/2010, o prestador do servizo de comunicación radiofónica queda obrigado a dispoñer dun sitio web no que faga constar os seguintes extremos :

- O nome ou a denominación social, o nome do representante legal e dos seus accionistas.
 - A súa dirección de establecemento, correo electrónico e outros medios para establecer unha comunicación directa e rápida.
 - O nome do responsable editorial
 - Los datos relativos ao título habilitante e do órgano competente que outorgou a licenza.
 - A identificación dos demais servizos vinculados ao sector da comunicación que controla ou dos que é propietario.
- l. Poñer a disposición da autoridade audiovisual competente calquera información que se lle solicite en relación coa prestación do servizo.
- m. Cumprir o resto das obrigas determinadas pola normativa vixente.

Artigo 10. Criterios de adxudicación da licenza

Os criterios de valoración das ofertas dos concursos determinaranse nas bases da convocatoria pola que se convoquen e incluírán como mínimo -como criterios a ter en conta- a experiencia dos concorrentes, a súa solvencia e os medios cos que contan para a explotación da licenza.

Artigo 11. Concurso público para o outorgamento de licenzas de prestador do servizo público de radiodifusión

1. O outorgamento de licenzas para a prestación do servizo público de radiodifusión, realizarase mediante concurso público, convocado ao efecto polo Consello da Xunta a proposta da autoridade audiovisual competente, conforme ás condicións establecidas no presente Decreto e nos termos das disposicións que o desenvolvan.
2. Os concursos de outorgamento de licenzas para a prestación de servizos audiovisuais, rexeranse pola Lei 3/85, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega e a súa lexislación de desenvolvemento; Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas no non disposto polo presente Decreto, dentro do marco establecido pola lexislación básica do Estado en materia de comunicación audiovisual.
3. As bases para a convocatoria do concurso público para o outorgamento de licenzas de radiodifusión conterán como mínimo os seguintes aspectos:
 - a. A capacidade da persoa natural ou xurídica solicitante.
 - b. Especificación para cada licenza das condicións de prestación do servizo, con indicación de aquelas que se consideren esenciais, das previstas no artigo 9.
 - c. O prazo para resolver o concurso que en ningún caso será superior a seis meses.
 - d. As condicións e os criterios nos que deberá fundamentarse a resolución do Consello da Xunta para outorgar ou denegar a licenza.
 - e. Prazo durante o cal os interesados poderán presentar as súas solicitudes, o rexistro ante o cal poderán presentarse ou os medios telemáticos admitidos, así como as cautelas que deberán observarse si a presentación se realizase por correo certificado.
 - f. Lugar, día e hora en que deba constituírse a mesa de avaliación das ofertas presentadas.

- g. As garantías que, no seu caso, deban constituírse e o prazo de presentación das mesmas.
4. A mesa de avaliación formulará a proposta de adxudicación ao Consello da Xunta.
5. O Consello da Xunta acordará o outorgamento das licenzas condicionadas ao cumprimento dos trámites preceptivos para a posta en funcionamento que se determinar nos artigos 12 e 13 do presente Decreto. Dito acordo será publicado no Diario Oficial de Galicia e notificado aos interesados para o cumprimento dos trámites preceptivos, coas consecuencias previstas no artigo 14 do presente Decreto, de non facelo.

Artigo 12. Proxecto técnico

1. O titular da licenza disporá dun prazo de tres meses a partires da notificación do acordo do Consello da Xunta que outorgue a correspondente licenza, para presentar o proxecto técnico ante a autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma.

Dita autoridade dará traslado do proxecto técnico, previo informe, ao organismo competente da Administración do Estado.
2. O proxecto técnico presentarase no formato que se determine nas bases da convocatoria, por duplicado e de acordo coas normas publicadas polo organismo competente da Administración do Estado na materia.
3. A autoridade audiovisual competente notificará ao interesado a aprobación, denegación ou proposta de modificación do proxecto técnico.
4. No suposto de desestimación ou proposta de modificación do proxecto, o titular da licenza disporá dun prazo de dous meses a contar dende a notificación para presentar un novo proxecto ou realizar as modificacións requiridas. De non levarse a efecto dita subsanación, conlevará os efectos previstos no artigo 14.

Artigo 13. Execución das obras e instalacións, inspección e autorización de posta en funcionamento.

1. Aprobado o proxecto técnico, o titular da licenza disporá de doce meses para a execución das obras e instalacións necesarias para o funcionamento da emisora.
2. Finalizada a instalación, o titular da licenza porao en coñecemento da autoridade audiovisual competente, acompañado da correspondente certificación técnica.

Dita autoridade cursará a comunicación correspondente a fin de que se leve a cabo a inspección técnica final pola Administración Xeral do Estado e, no seu caso, se proceda á aprobación técnica definitiva polo ministerio competente.
3. Conxuntamente coa solicitude de inspección das instalacións, o titular da licenza poderá solicitar tamén a autorización para realizar emisións en probas co obxecto de comprobar o funcionamento dos equipos. Estas emisións nunca poderán ter carácter continuado e serán inmediatamente interrompidas se orixina prexuízos ou se non se axustasen ás características técnicas previamente determinadas.
4. A autorización de posta en funcionamento será notificada aos interesados e as condicións das licenza detallaranse nun documento administrativo, de acordo co exposto no artigo 15 do presente Decreto. O titular da licenza non poderá iniciar as emisións regulares ata que se lle sexa autorizada a posta en funcionamento.

5. En todo caso, previamente ao inicio da actividade, o titular da licenza deberá presentar comunicación fehaciente segundo o previsto no artigo 6.

Artigo 14. Caducidade

Chegado o termo dos prazos indicados nos artigos 12 e 13 do presente Decreto, sen ter dado os interesados cumprimento as súas obrigas, por causas imputables a eles mesmos, advertiráselles que, transcorridos tres meses, producirase a caducidade do expediente de outorgamento da licenza, de acordo co establecido no artigo 92, da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, podendo a administración proceder a revogación da licenza.

Artigo 15. Contido do documento administrativo de licenza.

1. Tras a autorización de posta en funcionamento, quedará constancia dos extremos da licenza nun documento administrativo que deberá incluír como mínimo:
 - a) A frecuencia outorgada, a potencia autorizada e o correspondente ámbito de cobertura.
 - b) As características xerais do servizo e dos contidos.
 - c) O tempo mínimo de emisión diaria e semanal.
 - d) Os porcentaxes para ao cumprimento das obrigas con relación á normalización e a protección da lingua e a cultura galegas e as franxas horarias nas que deberán aplicarse.
 - e) A autorización, no seu caso, para a emisión en cadea.
 - f) As porcentaxes de produción propia.
 - g) As demais obrigas que se teñan asumido inicialmente de modo voluntario, en virtude de códigos deontolóxicos e normas de autorregulación.
 - h) As obrigas, de entre as recollidas nos artigos 5 e 9 consideradas esenciais para a prestación do servizo, segundo o previsto nas bases da convocatoria.

Artigo 16. Emisión en cadea

1. Recoñécese o dereito dos prestadores do servizo de comunicación radiofónica a emitir parte da súa programación en cadea, cando un mesmo prestador teña obtido licenzas en diversos ámbitos territoriais ou teña acadado acordos con outros titulares de licenzas nunha ou varias Comunidades Autónomas.
2. Con carácter previo ao comezo das emisións, o titular da licenza comunicará á autoridade audiovisual competente a súa intención de emitir en cadea, identificando á mesma e ó seu responsable editorial, a porcentaxe de programación que se desenvolverá deste xeito, e a duración dos acordos acadados.
3. Transcorrido un mes dende o envío da comunicación a que está obrigado o titular da licenza sen obter resposta á mesma por parte da Administración, enténdese aceptada a súa pretensión.
4. Unha vez autorizada a emisión en cadea, procederase a inscribir a decisión no Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual regulado no capítulo quinto do presente Decreto, así como comunicación ao Rexistro Estatal de prestadores do servizo de Comunicación Audiovisual.

Artigo 17. Modificación da estrutura do accionariado ou empresarial

1. Calquera modificación na titularidade das accións, participacións ou títulos equivalentes das sociedades titulares de licenzas para a prestación do servizo de radiodifusión, así como as ampliacións de capital, cando a subscripción de accións ou títulos equivalentes non se realice en idéntica proporción entre os propietarios do capital social, será autorizado previamente pola autoridade audiovisual competente
2. A modificación que implique un cambio de estrutura do capital social que sexa asimilable a unha transmisión deberá cumprir os mesmos requisitos que se establezan para este tipo de negocio xurídico. Aos efectos previstos neste artigo, entenderase que existe control cando se dean os supostos aos que se refire o artigo 42 do Código de Comercio
3. Para dar cumprimento ao establecido no punto primeiro o titular da licenza presentará a solicitude de autorización da modificación prevista ante a autoridade audiovisual competente. Unha vez realizada, presentarase documento acreditativo da ampliación de capital ou, se é o caso, de cambio de titularidade das accións ou participacións no prazo de trinta días dende que se produza a mesma.

Artigo 18. Transmisión e arrendamento da licenza

1. A celebración de ambos negocios xurídicos requirirá autorización previa da autoridade audiovisual competente e estarán suxeitos ao pago da taxa determinada pola Xunta de Galicia.
2. A autorización da transmisión ou arrendamento só poderá denegarse nos seguintes casos:
 - a) Que o solicitante non acredite o cumprimento de tódalas condicións legalmente establecidas para a obtención da licenza ou non se subroge nas obrigas do anterior titular.

O adquirente deberá depositar a correspondente garantía definitiva ou subrogarse na depositada polo titular da licenza, como requisito previo a autorización definitiva da transmisión.

No caso do arrendamento o arrendatario non terá obrigaón de depositar unha nova garantía, sempre que o titular da licenza manteña a súa.
 - b) Que o titular da licenza teña explotado o servizo como mínimo dous anos antes de transmitila ou arrendala.

No caso de que a licenza tivese sido outorgada en base a un compromiso de non transmitir ou arrendar a licenza por un prazo superior, a autorización estará supeditada a ditos compromisos.
3. O titular da licenza e a persoa física ou xurídica que pretenda adquirir ou arrendar a mesma, presentarán as solicitudes de ditos negocios xurídicos ante a autoridade audiovisual competente, coa mesma documentación que se esixiu no seu momento nas bases da convocatoria para a solicitude orixinal.
4. En todo caso está prohibido o subarrendo

Artigo 19. Vixencia e renovación da licenza

1. As licenzas audiovisuais serán outorgadas por un prazo de quince anos dende a resolución do concurso público previsto no artigo 11 polo Consello da Xunta.

2. As sucesivas renovacións das licenzas serán automáticas e polo mesmo prazo estipulado inicialmente sempre que se dean as circunstancias establecidas no artigo 28 da Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

Artigo 20. Extinción da licenza

Son causas de extinción da licenza para a prestación do servizo de comunicación radiofónica:

- a) O transcurso do prazo de vixencia da licenza ou, se procede, das sucesivas renovacións.
- b) Extinción da personalidade xurídica do seu titular salvo nos supostos de fusións ou concentracións empresariais
- c) Morte ou incapacidade sobrevida do titular
- d) Revogación de conformidade co artigo 30 da Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual.
- e) A renuncia do titular
- f) Non ter aboadas as taxas que gravan a prestación do servizo de comunicación audiovisual.

SECCIÓN SEGUNDA: SERVICIOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA COMUNITARIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO

Artigo 21. Definición

1. Terán a consideración de emisoras comunitarias sen ánimo de lucro, aos efectos regulados no presente Decreto, aquelas de natureza privada, creada para atender as necesidades sociais culturais e de comunicación específicas de comunidades e grupos sociais, así como para fomentar a participación cidadá e a vertebración do tecido asociativo.
2. A prestación deste tipo de servizos require licenza previa que en ningún caso poderá perder o seu carácter orixinal de servizo de comunicación audiovisual comunitario sen ánimo de lucro e non poderán ser obxecto de transmisión ou arrendamento.

Artigo 22. Vixencia das licenzas

As licenzas para a prestación de servizo de comunicación audiovisual radiofónica comunitario sen ánimo de lucro outorgaranse por un prazo de cinco anos e poderán ser renovadas ata en tres ocasións, sempre que a súa actividade no prexudique a recepción dos servizos de difusión legalmente habilitados que coincidan total ou parcialmente coa súa zona de cobertura.

Artigo 23. Obrigas

A prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica comunitario sen ánimo de lucro, está sometida as obrigas establecidas para a prestación do servizo comercial, dentro do marco establecido para este tipo de servizos pola lexislación básica do estado.

Artigo 24. Reserva de espazo público de comunicación

1. Aos servizos de comunicación audiovisual radiofónica comunitarios sen ánimo de lucro garantiráselles a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para as súas necesidades.
2. A adxudicación dos títulos habilitastes para a prestación do servizo de radiodifusión sonora comunitarios sen ánimo de lucro realizarase mediante

concurso público, de acordo coas normas que se establecen no presente Decreto e a lexislación básica do estado mediante licenza.

3. Sen prexuízo do anterior, a autoridade audiovisual competente, poderá abrir un trámite previo de solicitudes, no que os interesados na xestión de algunha emisora deste tipo poidan presentar as correspondentes solicitudes previas no prazo que se estableza, a fin de que, a vista desta, poida instarse do órgano competente da Administración do Estado, se procede, a correspondente reserva de frecuencias.

Artigo 25. Financiación

1. As emisoras comunitarias sen ánimo de lucro deberán xustificar a procedencia dos seus fondos, así como o desglose de gastos e ingresos, (con especial detalle, no seu caso, dos ingresos por patrocinio, así como a identidade dos patrocinadores) que se inscribirán nun rexistro específico para o depósito da súa memoria económica.
2. Os gastos de explotación anuais destas emisoras non poderán exceder de 50.000 euros anuais.
3. As emisoras comunitarias sen ánimo de lucro non perseguirán fines lucrativos e non poderán emitir publicidade se ben poderán ser patrocinadas para cubrir os seus custes de funcionamento nos termos seguintes
 - a. A programación e os seus contidos, en ningún caso poderán ser influídos polo patrocinador, de forma que se atente contra a responsabilidade e a independencia da entidade que preste o servizo así como a finalidade do mesmo.
 - b. Poderá identificarse ao patrocinador durante o transcurso da emisión, sempre que isto se realice de forma esporádica e sen perturbar o desenvolvemento da programación.
 - c. As referencias aos patrocinadores non poderán conter mensaxes publicitarios directos e expresos de compra o contratación de produtos e servizos.

SECCIÓN TERCEIRA: SERVIZO PÚBLICO DE RADIODIFUSIÓN POR ENTIDADES LOCAIS

Artigo 26. Definición e forma de xestión

1. Considéranse emisoras públicas locais aquelas nas que a prestación do servizo público de comunicación radiofónico corresponde ás entidades locais comprendidas na Lei de bases de réxime local, segundo o previsto no título IV da Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual.
2. A prestación do servizo público de radiodifusión de ámbito local ten que ser levada a cabo por parte dos municipios, así como por parte das entidades de ámbito supramunicipal previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nas formas de xestión directa previstas no artigo 85.2.a da mesma Lei.
3. A prestación do servizo público de comunicación radiofónica de ámbito local comporta que o ente ou o organismo encargado da súa xestión directa deberá definir, elaborar e distribuír, baixo a súa responsabilidade un conxunto de programas, contidos e servizos audiovisuais orientados á creación das condicións necesarias para a plena eficacia dos dereitos fundamentais de liberdade de información e de libre expresión e deberá facilitar a participación

dos cidadáns de Galicia na vida política, económica, cultural e social da entidade local.

4. A prestación do servizo público de comunicación audiovisual pode contar, co apoio e a colaboración de entidades e suxeitos privados nos casos en que sexa necesaria a dispoñibilidade de medios materiais ou profesionais diferentes dos do ente ou sociedade responsable da xestión directa do servizo, sen prexuízo da súa xestión directa, e dunha forma particular, cando isto permita impulsar o sector audiovisual de Galicia. En todos os casos, esta decisión deberá ser notificada previamente á autoridade audiovisual competente.

Artigo 27. Obrigas dos prestadores do servizo público de radiodifusión

Ademais das obrigas que se establezan no contrato-programa, os prestadores do servizo público de comunicación radiofónica quedan obrigados nos seguintes aspectos:

- a. Emitir unha programación mínima de catro horas diarias e trinta e dúas horas semanais.
- b. Emitir un mínimo dun 60% de programación de produción propia.
As emisoras locais de radiodifusión sonora poderán emitir simultaneamente un mesmo programa de elaboración propia ou producido por outras emisoras de titularidade pública, previa comunicación do acordo adoptado entre as emisoras á autoridade audiovisual competente.
- c. Emitir unha programación en que a lingua normalmente empregada sexa a galega e cumpran tamén as demais obrigas establecidas pola normativa sobre política lingüística, que en ningún caso será inferior a un 50% das horas de emisión semanal.
- d. Presentar anualmente ante a autoridade audiovisual competente, un informe da intervención que acredite a existencia de partidas orzamentarias suficientes para cubrir os gastos do servizo. Este informe será presentado no termo máximo de tres meses a contar dende a aprobación do orzamento ordinario.
- e. O tratamento publicitario electoral nestas emisoras rexerase polo disposto na Lei Orgánica 10/1991 de 8 de abril, de Publicidade Electoral en Emisoras Municipais de Radiodifusión Sonora.
- f. As obrigas establecidas nas letras a, b, c, d, e, f, h, k, do artigo 9 do presente Decreto.
- g. Cumprir o resto das obrigas determinadas pola normativa vixente.

Artigo 28. Financiación do servizo

1. A financiación das Emisoras Públicas de ámbito local de radiodifusión sonora, realizarase conforme ao establecido no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, así como mediante ingresos comerciais propios.
2. A financiación pública non poderá soste actividades nin contidos alleos ao cumprimento da función de servizo público.

Artigo 29. Solicitude

As entidades locais que desexen xestionar o servizo público de comunicación audiovisual radiofónica, deberán presentar a correspondente solicitude de licenza ante a autoridade audiovisual competente, aportando a seguinte documentación:

- a. Certificación do Acta do Pleno do Concello no que se teña acordado a solicitude de licenza administrativa para a xestión do servizo.

No caso de tratarse dunha entidade local das previstas na Lei de Bases de Réxime local, distinta do municipio, esixirase a certificación acreditativa da constitución da entidade local correspondente, así como o acordo de solicitude de licenza administrativa para a xestión do servizo.

b. Memoria técnica na que se incluírá:

- Certificación acreditativa da poboación empadroada na entidade local correspondente, conforme ao último censo municipal.
- Plano da situación prevista para o centro emisor, con indicación da súa cota e das súas coordenadas xeográficas e cobertura que se pretende de acordo coa normativa estatal.
- Descrición da infraestrutura técnica prevista.

c. Memoria explicativa detallada na que se recollan os seguintes extremos:

- Obxectivos da emisora.
- Programación a desenvolver detallando o porcentaxe do horario destinado a espazos locais, educativos e socioculturais.
- Medios persoais para a prestación do servizo.
- Forma de xestión prevista, de acordo co establecido no artigo 26 do presente Decreto.

d. Proxecto de viabilidade económica no que se contemple nos custes estimados, o calendario de execución das inversións e as revisións de financiación.

e. Regulamento de organización e funcionamento aprobado polo pleno.

A asemblea de electos ou o correspondente órgano plenario deberán aprobar o Regulamento de organización e funcionamento do servizo público de radiodifusión. O Regulamento deberá garantir a adecuada representación de todo os municipios se a xestión corresponde a un ente de carácter asociativo.

Artigo 30. Reserva provisional de frecuencia

1. A autoridade audiovisual competente, tras a recepción da solicitude de licenza e da documentación que deberá acompañar a mesma, solicitará do órgano competente da Administración do Estado, o seu pronunciamento en canto á reserva provisional de frecuencia.
2. Incorporada ao expediente a resolución prevista no apartado anterior, a autoridade audiovisual competente, comunicará á entidade local a frecuencia reservada, a potencia e demais parámetros técnicos aos que terá que axustarse a instalación da emisora ou, no seu caso, a denegación da reserva de frecuencia.

Artigo 31. Competencia e outorgamento de licenza

1. Para o outorgamento da licenza para a prestación do servizo público, a autoridade audiovisual competente deberá avaliar se o novo servizo se axusta á misión de servizo público e se altera a competencia no mercado audiovisual. Con tal motivo previamente ao outorgamento da licenza publicarase a solicitude no Diario Oficial de Galicia co obxecto de abrir un trámite de información pública de vinte días, para que o resto dos prestadores do servizo de comunicación radiofónica, do mesmo ámbito de cobertura, formulen as alegacións que estimen convenientes ao respecto.
2. Corresponde ao pleno, á asemblea de electos ou ao correspondente órgano plenario o nomeamento por maioría cualificada de dous terzos dos máximos

responsables da xestión do servizo de acordo co que estableza o regulamento de organización e funcionamento do servizo radiofónico.

A autonomía da xestión directa e cotián do servizo con respecto aos correspondentes órganos de goberno deberá garantirse mediante a subscrición do correspondente contrato-programa, que deberá ser sometido ao informe preceptivo da autoridade audiovisual competente.

O contrato-programa terá unha vixencia de nove anos e deberá prever os seguintes puntos:

- Garantir os fondos necesarios para a adecuada prestación do servizo.
 - Definir os obxectivos específicos do servizo público que deberán ser asumidos polo ente ou o organismo xestor.
3. O Consello da Xunta, previo informe da autoridade audiovisual, será o órgano competente para acordar o outorgamento das licenzas para o servizo público de radiodifusión ás entidades locais, condicionadas ao cumprimento dos trámites preceptivos para a posta en funcionamento que se determinan nos artigos 12 e 13 do presente Decreto.

Artigo 32. Actuacións previas ao comezo das emisións

1. Previamente ao comezo das emisións a corporación local levará a cabo os trámites contemplados nos artigos 12 e 13 do presente Decreto.
2. A notificación da autorización de posta en funcionamento, emitida polo organo competente do Estado, facultará aos prestadores do servizo público para o comezo das emisións.

Artigo 33. Vixencia da licenza

1. En tanto se manteñan as circunstancias que posibilitaron o seu outorgamento e o titular da mesma acredite o cumprimento das obrigas recollidas no presente Decreto, as licenzas outorgadas ás entidades locais terán a mesma vixencia que a dos contratos-programas subscritos.
2. O disposto no apartado anterior non exime da obriga de renovar ou prorrogar cada nove anos o contrato-programa establecido no artigo 22.

CAPÍTULO TERCERO: INSPECCIÓN

Artigo 34. Órgano competente para a Inspección

Sen prexuízo das competencias da Administración do Estado, corresponde á autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma de Galicia a inspección do servizo de comunicación audiovisual no ámbito das súas competencias.

Todo o anterior, enténdese sen prexuízo das competencias que no seu momento puidera asumir un órgano de carácter autonómico similar ao previsto no título V da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual.

Artigo 35. Alcance da función de inspección

1. A inspección comprende a verificación das condicións técnicas da emisión e/ou recepción dos servizos de comunicación audiovisual; a inspección e comprobación do cumprimento das normas que rexen a licenza e as súas renovacións, así como do cumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos polos titulares das mesmas, e, en xeral, da execución de dito servizo.
2. Tamén serán obxecto de control por parte da autoridade audiovisual competente os contidos difundidos por ditos servizos de comunicación audiovisual.

3. A inspección exercerase así mesmo con relación aos servizos de comunicación audiovisual que se realicen sen ter obtido a correspondente licenza cando o seu outorgamento sexa competencia desta Comunidade Autónoma.

Artigo 36. Persoal da inspección

1. O exercicio da función de inspección levarase a cabo polo persoal designado e acreditado pola autoridade audiovisual competente.
2. O persoal inspector, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de autoridade pública.

Artigo 37. Actuacións da inspección

1. O persoal inspector realizará as comprobacións, constatacións, medidas, exames, análises, controis ou probas necesarias para o exercicio das facultades que comprende a inspección.
2. As actuacións realizadas polo persoal que desempeña a inspección reflectiránse nunha acta, na que farán constar, como mínimo, os seguintes extremos.
 - a. Lugar, data e hora da inspección.
 - b. Identificación da persoa ou persoas que realicen a inspección.
 - c. Nome, apelidos, documento nacional de identidade e a condición da persoa ou persoas que atenden as actuacións do persoal inspector, no seu caso.
 - d. Nome, apelidos ou razón social e número de identificación fiscal da persoa física ou xurídica inspeccionada cando poidan constatarse.
 - e. Relación dos datos, feitos ou incumprimentos detectados ou constatados con especificación das circunstancias correspondentes.
 - f. Medios e equipamentos empregados para constatar os feitos ou para tomar as medidas que neles se reflectan.
 - g. Outras dilixencias realizadas durante a inspección, se procede.
 - h. Manifestacións da persoa ou persoas que atenden ao persoal inspector, no seu caso.
3. As actas estendidas polos funcionarios no exercicio das funcións inspectoras teñen a consideración de documentos públicos, gozando de presunción de veracidade, e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou aportar os propios administrados.

Artigo 38. Fomento da autorregulación

1. Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a aprobar códigos nos que se regulen os contidos da comunicación audiovisual e as regras de dilixencia profesional para a súa elaboración.
2. Ditos códigos deberán prever mecanismos de resolución de reclamacións, podendo dotarse de instrumentos de autocontrol: previo, individual ou colectivo.
3. Cando un prestador aprobe un código por si mesmo ou ben, en colaboración con outros prestadores ou se acolla a un código xa existente, deberán comunicalo á autoridade audiovisual competente nun prazo de 1 mes dende a súa aprobación ou adopción, así como ao organismo de representación e consulta dos consumidores correspondente. A autoridade audiovisual verificará

a conformidade coa normativa vixente e, de non haber contradicións, disporá a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

4. Os códigos de autorregulación deberán respectar a normativa sobre a defensa da competencia. As funcións da autoridade audiovisual, aos efectos do apartado 2, enténdense sen prexuízo das facultades de revisión que, neste ámbito, ostentan as autoridades de defensa da competencia.

Artigo 39. Control dos contidos audiovisuais

1. Calquera persoa física ou xurídica pode solicitar á autoridade audiovisual competente o control da adecuación dos contidos audiovisuais co ordenamento vixente ou os códigos de autorregulación.
2. Cando a autoridade audiovisual competente aprecie que se emitiu un contido aparentemente ilícito, dará audiencia ao prestador do servizo implicado e, no seu caso, á persoa que solicitou a intervención da autoridade.
3. A autoridade audiovisual competente poderá alcanzar acordos co prestador de servizos para modificar o contido audiovisual ou, no seu caso, poñer fin á emisión do contido ilícito. O efectivo cumprimento do acordo, por parte do prestador porá fin os procedementos sancionadores que se tivesen iniciado en relación co contido audiovisual obxecto do acordo, cando se tratase de feitos que poidan ser constitutivos de infracción leve. A reincidencia nun prazo de 90 días terá a consideración de infracción grave.
4. Cando o contido audiovisual contradiga un código de autorregulación suscrito polo prestador, a autoridade requirirá a este a adecuación inmediata do contido ás disposicións do código ou a finalización da súa emisión.
5. A autoridade audiovisual competente levará a cabo actuacións destinadas a articular a relación dos prestadores do servizo de comunicación audiovisual coas vítimas de acontecementos especialmente graves.

CAPÍTULO CUARTO: REXISTRO GALEGO DE PRESTADORES DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL.

Artigo 40. Creación e obxecto

1. Créase o Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual que ten por obxecto a inscrición obrigatoria de todos os servizos de comunicación audiovisual prestados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, das licenzas e autorizacións outorgadas, así como dos feitos, negocios xurídicos e circunstancias técnicas que afecten tanto ás empresas titulares das licenzas como ao propio servizo.
2. O Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual está adscrito ao órgano con competencias en materia de audiovisual.
3. Créanse tantas seccións do Rexistro como servizos de comunicación audiovisual se presten dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 41. Organización do rexistro

O Rexistro de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual xestionarase mediante soporte informático, sen prexuízo da formación dos oportunos expedientes con todos os documentos que sirvan de soporte ás anotacións rexistrais, os cales prevalecerán no caso de discrepancia cos datos almacenados en soporte informático.

Artigo 42. Actos inscristibles

1. Serán obxecto de inscrición os datos seguintes:

- a. Nome ou razón social da entidade e o seu domicilio.
 - b. Denominación da emisora e o seu domicilio.
 - c. Clase de emisora.
 - d. Nome do Director da Emisora.
 - e. Capital social e a súa distribución.
 - f. Transmisións, disposicións e gravámenes das accións da sociedade.
 - g. Características técnicas da emisora.
 - h. Horario de emisión, indicando o porcentaxe en número de horas de programación en galego.
 - i. Vinculacións con outras empresas de radiodifusión.
 - j. Data de outorgamento da licenza e da autorización da posta en funcionamento.
 - k. Transferencias da licenza.
 - l. Renovación da licenza.
 - m. Sancións firmes.
 - n. Extincións ou caducidade da licenza.
 - o. Nome e apelidos, ou, no seu caso, denominación ou razón social, incluíndo o número de identificación fiscal, dos titulares de participacións significativas no capital social, con indicación dos porcentaxes correspondentes tanto directa como indirectamente. Enténdese por participación significativa a que represente, directa ou indirectamente:
 - O 5% do capital social.
 - O 30 % dos dereitos de voto ou porcentaxe inferior, se servira para designar nos 24 meses seguintes á adquisición, un número de conselleiros que representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade.
2. No caso das emisoras comerciais e aos efectos de acreditar a súa denominación será necesario aportar certificado do Rexistro da Oficina de Marcas e Patentes.
 3. Para o caso das emisoras públicas non será de aplicación o establecido nas letras f, i, k e o do apartado 1 do presente artigo.
 4. Unha vez practicada a primeira inscrición, calquera acto ou feito que conleve a modificación dalgunha das circunstancias que teñan que ser obxecto de anotación, deberá facerse constar no Rexistro, no prazo dun mes a partir do momento en que se produza, solicitándose a súa inscrición mediante instancia acompañada da documentación acreditativa que corresponda.

Cando a modificación teña a súa orixe nun acto emanado por unha Administración Pública, a inscrición realizarase de oficio polo órgano competente en materia de comunicación audiovisual.

Artigo 43. Comprobacións para a inscrición

Recibida a solicitude de inscrición xunto coa documentación necesaria, a autoridade audiovisual competente poderá practicar as comprobacións que considere oportunas e solicitar os documentos adicionais que estime precisos.

No caso de que a inscrición non puidera practicarse por insuficiencia dos datos aportados, requirirase ao interesado para que os complete no prazo de dez días, con advertencia de que a falta de presentación en prazo determinará o arquivo da súa solicitude, previa resolución ditada ao efecto.

A efectiva inscrición no rexistro comunicarase mediante resolución da autoridade audiovisual competente.

Artigo 44. Coordinación co rexistro estatal de prestadores do servizo de comunicación audiovisual

A autoridade audiovisual competente asegurará a necesaria coordinación entre o Rexistro Autonómico e o Rexistro Estatal que facilite o acceso por medios telemáticos ao conxunto de datos obrantes nos mesmos.

Artigo 45. Consultas e certificacións

Os datos do Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual será públicos. O acceso aos datos do Rexistro e a solicitude de certificacións dos seus asentos polos cidadáns exercerase nos termos establecidos pola Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo, e, no seu caso, suxeito ás previsións contidas na normativa de protección de datos.

CAPÍTULO QUINTO: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 46. Principios xerais

1. A Comunidade Autónoma de Galicia exercerá competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto na lexislación básica en materia de comunicación audiovisual e, no seu caso, a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non sobrepase os límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén serán competentes en relación cos servizos audiovisuais cuxa prestación se realice directamente por elas mesmas ou por entidades ás que teñan conferido a súa xestión dentro do correspondente ámbito autonómico

2. O procedemento sancionador en materia audiovisual rexerese polos principios xerais previstos no Capítulo II do Título IX da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o seu desenvolvemento regulamentario.

Artigo 47. Responsabilidade

1. A responsabilidade administrativa pola infracción das normas reguladoras establecidas polo presente Decreto e pola lexislación básica, corresponderá:
 - a. Nas infraccións cometidas con ocasión da prestación de servizos amparados por licenza administrativa, á persoa física ou xurídica titular da licenza ou, no seu caso, o arrendatario da mesma.
 - b. Nas infraccións cometidas con ocasión da prestación do servizo sen a cobertura do correspondente título habilitante á persoa física ou xurídica que realice a actividade ou, subsidiariamente, á que detente a

dispoñibilidade dos equipos e instalacións por calquera título xurídico válido ou carecendo deste.

Artigo 48. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións son as previstas no título VI da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, así como nas disposicións legais ditadas pola Comunidade Autónoma Galega nesta materia.

Artigo 49. Criterios para o establecemento da contía da sanción

A contía das sancións que se impoña, dentro dos límites indicados na Lei 7/2010, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os seguintes criterios.

- a. A inclusión da conduta sancionada como conduta prohibida nun código de autorregulación que obrigue ao infractor.
- b. Ter sido sancionado por resolución administrativa firme polo mesmo tipo de infracción no prazo dos tres anos anteriores.
- c. A gravidade das infraccións cometidas no prazo anterior de tres anos polo suxeito ao que se sanciona.
- d. A repercusión social das infraccións.
- e. O beneficio que se teña reportado ao infractor do feito obxecto da infracción.

Artigo 50. Órgano competente

1. A competencia para acordar a incoación dos expedientes sancionadores corresponde a autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A competencia para acordar a imposición de sancións por infraccións moi graves que poidan ter como consecuencia a revogación da licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual, correspóndelle ao Consello da Xunta. As restantes sancións, por infraccións moi graves, graves e leves, serán impostas pola autoridade audiovisual competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional primeira: Supresión do Rexistro de Empresas Radiodifusoras de Galicia e do Rexistro de Concesionarios do Servizo de Televisión Autónoma e Local de Galicia

1. Suprímese o Rexistro de Empresas Radiodifusoras de Galicia creado por Decreto 52/1986 do 6 de marzo
2. Suprímese o Rexistro de Concesionarios do Servizo de Televisión Autónoma e Local de Galicia creado Decreto 81/2005 do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A autoridade audiovisual competente procederá, de oficio, á inscrición das licenzas para a prestacións de servizos de comunicación audiovisual derivadas das antigas concesións para a xestión do servizo público de radio e televisión, previamente transformadas pola autoridade competente, no Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual regulado no capítulo IV do presente Decreto.

Disposición adicional segunda. Referencia a disposicións legais

No caso de que se modifiquen ou substitúan as disposicións legais as que se fai referencia ou remite o presente regulamento, ditas referencias e remisións deberán entenderse feitas ás normas que as modifiquen ou substitúan.

Disposición transitoria primeira: Expedientes de radiodifusión e televisión en situación de adxudicación provisional á entrada en vigor do presente Decreto.

1. Os expedientes en situación de adxudicación provisional de radiodifusión e televisión á entrada en vigor do presente Decreto, e de acordo coa Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral de Comunicación Audiovisual, transformaranse en licenzas para a prestación do correspondente servizo de comunicación audiovisual.
2. No obstante o anterior, seguirán sendo esixibles ás condicións aplicables aos seus antigos títulos e normativa anterior vixente, aos efectos de posta en funcionamento das instalacións e inicio das emisións.

Disposición transitoria segunda: Expedientes de autorización de negocios xurídicos en tramitación á entrada en vigor deste Decreto

1. Os expedientes de autorización de negocios xurídicos que afecten as empresas de radiodifusión ou televisión, que a entrada en vigor do presente Decreto, se encontraran, en tramitación- sobre os que no tivera recaído resolución definitiva- terán que adaptarse aos termos e condicións que se establecen na presente norma.
2. A tal efecto, a autoridade audiovisual competente en materia de radiodifusión requirirá ás empresas e entidades promotoras dos expedientes para que cumprimenten os trámites adicionais pertinentes no prazo de tres meses, coas consecuencias previstas no artigo 92 da lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente Decreto. E, en concreto, quedan expresamente derogadas:

3. O Decreto 156/1989 do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, modificado polo Decreto 35/1992, do 6 de febreiro.
4. Os Capítulos VIII e IX do Decreto 81/2005 do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia

Disposición final primeira: Modificación do Decreto 325/2009, do 18 de xuño de 2009, de Estrutura Orgánica dos Órganos Superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

1. *Modifícase o artigo 3, apartado 1 referente a Secretaría xeral de Medios, modificando o apartado m e creando o apartado n)*

O apartado m) queda redactado nos seguintes termos:

- m) *As competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto na lexislación básica en materia de comunicación audiovisual e no seu caso a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non sobrepase os límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O apartado n) queda redactado nos seguintes termos

- n) As funcións recollidas nas disposicións adicionais do presente Decreto
2. *Modifícase o artigo 3, apartado 2.1 letra g) e h) que quedan redactado nos seguintes termos*
- g) A tramitación das solicitudes de licenzas dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual, e a preparación das bases dos concursos públicos, para a adxudicación das licenzas de comunicación audiovisual que sexan competencias da comunidade autónoma.
 - h) A realización de tarefas de control e inspección dos prestadores dos servizos de comunicación audiovisual, así como a tramitación de expedientes sancionadores en materia de medios e contidos audiovisuais.
3. *Modifícase o artigo 3, apartado 2.1.3 que queda redactado nos seguintes termos*
- Son funcións deste servizo:
- a) A elaboración de normas e emisión de informes administrativos relativos aos prestadores do servizo de comunicación audiovisual.
 - b) Control e xestión dos procedementos de autorizacións e licenzas do prestadores do servizo de comunicación audiovisual.
 - c) Xestión do Rexistro Galego de Prestadores do Servizo de Comunicación Audiovisual.
 - d) Control, inspección e tramitación de expedientes sancionadores en materia de medios e contidos audiovisuais.

Disposición final segunda: Execución e desenvolvemento

Autorízase a Secretaría Xeral de Medios, para ditar as resolucións necesarias para a execución e desenvolvemento deste Decreto.

Disposición final terceira: Entrada en vigor

Este Decreto entrará en vigor ó día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.